



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (12/2025)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e trinta minutos do día un de outubro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; e a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria urgente convocada para ese día e hora. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela, nin o Sr. Concelleiro do PP, D. Ángel Filgueiras Grueiro, quen escusou a súa ausencia.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1. Pronunciamento preceptivo sobre a urxencia da sesión
2. Expediente de contratación núm. 025/C003/000002 para a execución da obra "Proxecto refundido de execución de rehabilitación integral de edificio municipal destinado a centro social" (25 setembro 2025) financiada con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

1. PRONUNCIAMENTO PRECEPTIVO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN

O Sr. Alcalde en funcións expón que tivo que convocar este pleno extraordinario urgente porque fai moita falta o tempo para facer a obra en prazo, que onte, ás dúas da tarde, chegou o informe da Deputación por fin favorable, que despois de tres desfavorables por fin, a cuarta vez, veu favorable, e entón que xa se puxeron mans á obra para convocar este pleno urgente porque é necesario polo prazo, que para poder facer a obra en prazo aínda hai que sacar a obra a contratación, adxudicala, e o tempo bótase encima porque hai que tela recepcionada antes do 30 de xuño do ano que ven.

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai intervencións, non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes a sesión. Xa que logo, apreciada a urxencia da sesión por unanimidade, o Sr. Alcalde en funcións continúa coa sesión.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NUM. 2025/C003/000002 PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “PROYECTO REFUNDIDO DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (25 septiembre 2025)” financiada con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia,

A proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/C003/000002 e enviouse á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG con anterioridade á celebración desta sesión, xunto co proxecto refundido do 25 de setembro de 2025, o prego de cláusulas administrativas particulares e os informes de secretaría e de intervención.

O Sr. Alcalde en funcións procede a darlle lectura a súa proposta, que se transcribe textualmente a continuación, corrixida por orde del, como informa ao pleno durante a súa lectura, por un erro dun número nunha cifra nunha das veces que se indica o orzamento do proxecto, ao tempo que tamén informa do incremento do orzamento como consecuencia das modificacións do proxecto, que achegará o Concello, e que a modificación se debe sobre todo a corrección de consideracións técnicas que eran erróneas, resaltando que se reduciu o prazo de execución de oito a sete meses por ser aconsellable pola Deputación Provincial e que se tramita por procedemento urxente, que supón que se reduce o prazo de presentación de ofertas de vinte días a quince días naturais:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno da Corporación o pasado 20 de xuño de 2025 en relación coa subvención concedida para a creación dun centro social, ao abeiro da Orde TED/1476/2021, de 27 de decembro, de axudas dirixidas a proxectos de infraestruturas ambientais, sociais e dixitais en municipios de zonas afectadas pola transición enerxética no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, acordos anteriores dos órganos de goberno do Concello, tramitacións realizadas, último proxecto técnico refundido, cun novo orzamento que se incrementa ata os 498.186.34€, informe de supervisión favorable deste último proxecto técnico do Servizo de Asistencia a Municipios da Deputación Provincial recibido no día da data, resolución do expediente de modificación de créditos núm. 14/2025, de transferencia de créditos entre aplicacións da mesma área de gastos, da competencia da Alcaldía, tramitado o día da data para facer fronte a achega municipal derivada do novo orzamento incrementado, informe de Secretaría, informe de fiscalización da fase A de autorización do gasto, e restante documentación deste expediente, e, tras considerar, á vista das características e importe do contrato e a urxencia da súa contratación para que se poida executar e xustificar en prazo a subvención que o financia, que a utilización do procedemento aberto urxente da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cun único criterio de adxudicación, o prezo máis baixo, é o máis adecuado para efectuar a selección do contratista da forma máis acertada e vantaxosa na procura da mellor relación calidade-prezo e coa maior rapidez, e que a entidade e importancia das obras e os acordos anteriores deste órganos en relación con esta actuación aconsella a avocación das competencias delegadas na Xunta de Goberno Local en materia de contratación con respecto a este expediente, propóñolle ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

1.- Avocar as competencias deste Pleno da Corporación delegadas na Xunta de Goberno Local mediante o correspondente acordo plenario, para a tramitación deste expediente de contratación, número 2025/C003/000002, pola entidade e importancia das obras e tamén por razóns de coherencia cos últimos acordos deste órgano colexiado relacionados con esta subvención.

2.- Aprobar o proxecto técnico nomeado “*PROYECTO REFUNDIDO DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL* (25 septiembre 2025)”, elaborado pola Arquitecta, Carmen Pérez Pérez, cun orzamento de 498.186,34€, e cun prazo de execución de sete meses, que consta nos expedientes electrónicos da aplicación Tedec núm. 2022/A008/000019 e 2025/C003/000002.

3.- Xustificar a necesidade de realizar a obra definida no proxecto nomeado, “Proxecto refundido de execución de rehabilitación integral de edificio municipal destinado a Centro Social (25/09/2025)” para dotar ao Concello dun centro social, para o que resulta idóneo para satisfacela o obxecto e contido do proxecto.

4.- Non aplicar a división en lotes polos seguintes motivos e consideracións relativas ás súas circunstancias e ás consecuencias que suporía para o Concello:

- A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.
- Aínda que no proxecto inclúen distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicadas por lotes, moitas veces existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas a seguridade e saúde, a control de calidade, a xestión de residuos, e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.
- Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.
- A división en lotes suporía un retraso na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación Concello.

5.- Aprobar o expediente de contratación das obras contidas no PROXECTO REFUNDIDO DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL, redactado e asinado por Carmen Pérez Pérez, na data 25-09-2025, por importe de 498.186,34€, financiado ao abeiro da Orde TED/1476/2021, de 27 de decembro, e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

polo Concello con recursos propios, mediante procedemento ABERTO con tramitación urgente, coas seguintes características:

TIPO DE CONTRATO	Contrato de obras	SUBTIPO DE CONTRATO	Obras
OBXECTO CONTRATO	<i>PROYECTO REFUNDIDO DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (25 septiembre 2025)</i>		
PROCEDEMENTO CONTRATACIÓN	Aberto (art. 156LCSP)	TIPO DE TRAMITACIÓN	URGENTE (Interés público: cumplir con los plazos estipulados en la convocatoria de la subvención que financia la inversión, por el ajustado plazo de ejecución de las obras)
CÓDIGO CPV	45000000 - Trabajos de construcción.		
VALOR ESTIMADO	411.724,25€		
ORZAMENTO BASE SEN IVE	411.724,25	IVE 21%	86.462,09
		ORZAMENTO BASE IVE INCL.	498.186,34
FINANCIACIÓN	<i>Ayuda Instituto para la Transición Justa Fondos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - Next Generation (PRTR) Fondos propios</i>		
DURACIÓN DA EXECUCIÓN	Sete meses segundo consta no proxecto técnico e como data máxima para rematar a execución o 15-06-2026	PRÓRROGAS	Poderíanse acordar no caso de darse circunstancias non previstas inicialmente, sempre que se cumpla el plazo máximo para la justificación de la axuda que financia el gasto
NECESIDADE A SATISFACER	Creación de un centro social		



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

6.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e anexos que haberán de rexer a contratación de dita obra mediante procedemento ABERTO, cun único criterio de adxudicación, o PREZO máis baixo e tramitación URGENTE.

7.- Autorizar o gasto correspondente que comporta o presente contrato, con cargo á aplicación orzamentaria 933.2560.63900.

8.- Actuará como mesa de contratación a Mesa de Contratación do Pleno da Corporación do Concello de Monfero (BOP núm.147 do 03/08/2023)

9.- Remitir o expediente completo, no que queda acreditado o compromiso firme de achega dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea, co PCAP e os informes de secretaría e do órgano interventor municipal, á Deputación Provincial da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos de acordo co PREMADECOR (Plan xeral de prevención de riscos e de medidas antifraude da Deputación Provincial da Coruña) ao que o Concello está adherido.

10.- Unha vez recibido o resultado do traballo realizado na Deputación Provincial se procederá ao seu informe e aprobación polo Pleno do Concello.

11.- Deseguido se dispoñerá a apertura do procedemento de contratación, convocándoo mediante a publicación de anuncio no perfil do contratante do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), no que tamén se publicaran íntegros os pregos de cláusulas administrativas particulares, que inclúen o cadro de características do contrato, anexos, memoria xustificativa do contrato, o proxecto técnico e certificación dos acordos correspondentes.

12º.- Remitir o *"PROYECTO REFUNDIDO DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (25 septiembre 2025)"*, elaborado pola Arquitecta, Carmen Pérez Pérez, cun orzamento de 498.186,34€, ao Instituto para a Transición Xusta para os efectos de comunicarlle todas as modificacións habidas con respecto ao proxecto presentado inicialmente coa solicitude en aplicación do artigo 24 da Orde reguladora da convocatoria.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

Pregunta agora o Sr. Alcalde en funcións se hai algunha intervención. Pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e manifesta que falou o Sr. Alcalde en funcións, nun dos puntos, de como base única para a contratación o custo, a oferta máis baixa, e que el considera que se debería primar tamén o que dea máis garantías de obra, que dea a obra feita. Respóndelle o Sr. Alcalde en funcións que quixeron incluír, que tamén estaba de acordo o Instituto de Transición Xusta, tamén primar a redución de prazos, pero que a Deputación lles dixo que non. Pide a confirmación ao Sr. Secretario e este informa de que é o que ven no prego tipo. Continúa o Sr. Alcalde en funcións dicindo que o Concello estaba de acordo en que o que se comprometa a facela en menos tempo que leve maior puntuación e que o Instituto para a Transición Xusta tamén estaba de acordo pero a Deputación, os técnicos da Deputación, dixeron que non. Pregunta o Sr.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Alcalde en funcións ao Sr. Secretario-Interventor cal era o motivo e este responde que non hai ningún motivo que é o que di o prego tipo que ten a Deputación, que non se valorará en ningún caso a redución de prazo como criterio de adxudicación. Conclúe o Sr. Alcalde en funcións que o prego tipo de cláusulas da Deputación non contempla ese punto, que non están de acordo pero que teñen que facer así senón non emitían o informe favorable, que de feito houbo tres informes desfavorables, que desde que tiveron o pleno en xuño levan traballando seguido codo con codo co estudo de arquitectura, Deputación, Tragsa e senón non se daba rematado, e por fin veu favorable.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se produce ningunha e anuncia que vai someter a votación a proposta. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta transcrita sobre o expediente de contratación num. 2025/c003/000002 para a execución da obra "Proyecto refundido de ejecución de rehabilitación integral de edificio municipal destinado a centro social (25 septiembre 2025)", financiada con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se produce ningunha e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións deu as grazas a todas as persoas asistentes e levantou a sesión, ás doce horas e corenta e un minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor